



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

D. José Antonio Rodríguez Vázquez
D. José Pose Blanco
D. José Angel Vázquez Barquero
D. José Tojo Suárez
D. Manuel González Piñeiro
D. José Barreiro Somoza
D. Fco. Javier Rodríguez Berrocal
D. Xulio Pardellas de Blas
D. Andrés Ramón Trillo García
D. Xosé Luís Legido Soto
D. Jesús Alfaya Fernández
D. Alberto Alonso Costas
D. M^a Luisa Alonso Escontrela
D. Luis Bernal Conde
D. José Luis Capelo Martínez
D. Xosé Manuel Cid Fernández
D. Antón Fernández Alvarez
D. Manuel Fernández Areal
D. Joel Fernández Soto
D. Manuel Xesús Fontán Bouzas
D. José Antonio Gómez Barbeito
D. Alejandro V. Gómez Soler
D. Juan Janeiro Vilaboa
D^a M^a del Pilar López Vidal
D. Guillermo de Oca Cancela
D. Angel Pereira Díaz
D. Cándido Pérez Betanzos
D. Manuel Pérez Donsión
D. Luis Pérez Gómez
D. Emilio José Pérez González
D^a Ana Belén Reboredo Fernández
D. Celso Rodríguez Fernández
D. José A. Sampayo Fernández
D. Horacio A. Villar Suárez (CIG)

DESCULTA ASISTENCIA

D. Enrique Barreiro Alonso

Acta da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno da Universidade de Vigo, celebrada o trece de outubro de mil novecentos noventa e sete, ás 17.30 horas en primeira convocatoria e ás 18.00 en segunda, no Paraninfo do Rectorado da Universidade de Vigo.

O luns, **día 13 de outubro de 1997**, ás 18.20 horas, celebrouse sesión extraordinaria da Xunta de Goberno co obxecto de trata-los seguintes puntos da orde do día:

PUNTO ÚNICO: "Posicionamento da Xunta de Goberno ante a subida dos prezos nos estudos dos títulos oficiais do curso 97/98".

Preside a sesión o Sr. Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez e actúa coma Secretario o Xeral da Universidade, D. Xosé Luís Legido Soto.

O Sr. Rector explica que a Xunta de Goberno foi convocada despois dunha xuntanza cos alumnos e na que se lle pediu a convocatoria dunha Xunta de Goberno extraordinaria para que se pronunciara sobre o "Posicionamento da Xunta de Goberno ante a subida dos prezos nos estudos dos títulos oficiais do curso 97/98".

Indica que a Xunta de Goberno xa se pronunciou na programación plurianual sobre a estrutura das taxas, na que a suba non podía supera-lo 3% anual.

Tamén manifesta que pola mañá houbounha xuntanza, na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das 3 Universidades galegas, na que se chegou ó acordo que se reflicte no anexo I, axunto.

Preséntanse 2 escritos, anexos II e III, recibidos das Xuntas de Escola da E.U. de Enxeñería Técnica Industrial e da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación.

Prodúcese un debate no que intervén o profesor Santos Suárez matizando o problema no punto do acordo á hora de contabiliza-los créditos.

Aínda que algúns membros da Xunta de Goberno recriminan ó Equipo Rectoral por non darse conta antes desta subida, a maior parte está conforme polo acordo acadado entre a Consellería e as tres Universidades Galegas

Propónse aproba-lo acordo acadado na Consellería; faise a votación co seguinte resultado:

-a favor do acordo:	23 votos
-en contra:	0
-abstencións:	1

O profesor Santos Suárez abstense na votación, xa que no documento non queda clara cal é a base dos créditos para o curso 97/98.

O alumno D. Emilio José Pérez González solicita que se vote o texto íntegro da Xunta de Escola da E.T.S. de Enxeñeiros de Telecomunicación, sen facer referencia a ningún centro.

O Rector, D. José Antonio Rodríguez Vázquez, indica que non procede a dita votación, e coma proposta alternativa pide a votación do texto "amosa-lo seu recoñecemento ás xestións levadas a cabo polo conxunto da Comunidade Universitaria no que se refiere a este tema".

Faise a votación co seguinte resultado:

-a favor do texto alternativo:	17 votos
-en contra:	1 voto
-abstencións:	3

Apróbase amosa-lo seu recoñecemento ás xestións levadas a cabo polo conxunto da Comunidade Universitaria no que se refiere a este tema.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 21.30 h. do día 13 de outubro de 1997 da que eu como Secretario dou fe, co visto e prace do Rector.

O Rector,

O Secretario Xeral,

José Antonio Rodríguez Vázquez

Xosé Luís Legido Soto